

MODELO I
SOLICITUDE DE AXUDA

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS DE BARRIOS
DESAVORECIDOS NO MARCO DA EDUSI COFINANCIADA NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA

Solicitante			
DNI-NIF/NIE	Nome e apelidos/Razón social		
Correo electrónico			Teléfono
Representante			
DNI-NIF/NIE	Nome e apelidos		Teléfono
Medio de notificación			
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)			

Datos identificativos do edificio obxecto da rehabilitación				
Denominación promoción ou grupo de vivendas				
Tipo de vía	Nome da vía	Núm.	Bloque	
Referencia catastral do edificio:				
Información rexistral				
Finca rexistral nº	Tomos	Libro	Folio	Rexistro nº (1) ou (2)

Datos da solicitude
D/D ^a _____, en calidade de representante da Comunidade/s de propietarios do Bloque nº _____, con NIF _____ actuando na súa representación e segundo acordo adoptado na asemblea da comunidade celebrada o pasado _____
EXPÓN
Que habéndose publicado no BOP de A Coruña, e coñecendo, a Convocatoria pública de subvencións, mediante a modalidade de "Axudas en especie" do Concello de Santiago, mellora da accesibilidade e implantación de ascensores na tipoloxía de vivenda colectiva con ordenanza 9A no marco da estratexia de desenvolvemento sostible , cumprindo os requisitos esixidos na mesma, coñecendo as posibles causas de reintegro e sancións e depositando a documentación que a continuación se relaciona no apartado seguinte:
SOLICITA , que se conceda unha subvención en especie para a mellora da accesibilidade e implantación de ascensores na tipoloxía de vivenda colectiva no marco da estratexia de desenvolvemento sostible na comunidade á que represento.

Documentación

A achegar polo interesado:

- DNI-NIF/NIE do solicitante
- DNI-NIF/NIE da persoa representante
- Acreditación da representación, se procede (marcar no anexo 1 os documentos que se presentan)
- Copia do DNI ou documento de identificación da persoa que asine a solicitude e a documentación acreditativa da representación da persoa ou persoas en nome das que actúe.
- Copia do NIF ou documento de identificación fiscal da comunidade/s ou agrupación de propietarios.
- Copia do documento xustificativo do nomeamento do presidente/s da comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
- Certificado do acordo adoptado pola comunidade ou agrupación de propietarios segundo o modelo normalizado previsto nestas bases de subvención en especie de mellora de accesibilidade para a instalación de elevadores.(modelo anexo VII destas bases). De non existir xunta de propietarios constituída, deberá presentarse acordo asinado por todos os propietarios co mesmo contido.
- Copia simple da escritura de división horizontal que acredite a propiedade do espazo afectado, no seu defecto certificación literal da inscrición da división horizontal no rexistro da propiedade.
- Relación actualizada de propietarios da comunidade/mancomunidade indicando a cota de participación segundo o modelo previsto nestas bases certificada pola persoa que ocupe a secretaría . De non existir xunta de propietarios constituída, deberá presentarse acordo asinado por todos os propietarios co mesmo contido.(modelo anexo II destas bases)
- Relación de arrendatarios afectados pola execución das obras, acreditando que o propietario e/ou a comunidade ou agrupación afectada remitiron o correspondente preaviso das obras que terán que soportar. (Esta relación deberá cumprimentarse soamente no caso de existir arrendatarios afectados polas obras) .
- Certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade de cada unha das propiedades incluídas na relación de vivendas e locais do inmovible actualizada á realidade da propiedade no momento da solicitude, e en ningún caso cunha antigüidade superior aos 6 meses anteriores á convocatoria.
- Excepcionalmente, no suposto de que nos 6 meses anteriores á convocatoria, a titularidade dalgunhas das propiedades foxe obxecto de alteración, poderase achegar para acreditar a titularidade e a participación, outra documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición, alteración ou modificación da titularidade do inmovible.
- Certificado, en vigor, acreditativo de atoparse a entidade e os seus membros ao corrente das obrigacións coa Seguridade Social. Presumírase que a consulta ou obtención da información apuntada é autorizada pola entidade salvo que conste a súa oposición expresa.
- Certificado, en vigor, acreditativo de atoparse a entidade e os seus membros o corrente das obrigacións fiscais coa Axencia Tributaria estatal, Axencia Tributaria de Galicia e que non ten débedas pendentes Concello de Santiago de Compostela. Presumírase que a consulta ou obtención da información tributaria apuntada é autorizada pola entidade salvo que conste a súa oposición expresa.
- Declaración de non estar incurso nalgunha das causas determinadas no art. no Art. 10.2 e 3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago.

Independentemente da documentación relacionada, no transcurso da tramitación da concesión das axudas, o Concello poderá requirir a información e documentación das persoas beneficiarias que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos nas presentes bases, a presentación de orixinais, ou outros documentos que se considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Declaración responsable

O solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

- ✓ Que reúne todos os requisitos necesarios e que esixe a lei para solicitar unha subvención.
- ✓ Que todos os datos que figuran na presente solicitude e anexos son certos, comprometéndose a destinar a axuda que solicita á finalidade indicada, debendo manter en funcionamento e en óptimas condicións de uso os elevadores que reciban, de conformidade co previsto no Art. 29.4 da Lei de subvencións .
- ✓ Que non solicitou, nin obtivo subvención algunha concorrente coa solicitada no Concello de Santiago de Compostela para o obxecto que presenta a solicitude; comprometéndose a comunicar a solicitude e obtención de subvencións ou axudas concorrentes con estas.
- ✓ Que xustificou calquera subvención concedida anteriormente polo Concello de Santiago de Compostela, unha vez esgotado o prazo para facelo, ou no seu caso, procedeu ao seu reintegro.
- ✓ Que a entidade que representa e os seus membros non están incurso en algunha das causas determinadas no Art. 10.2 e 3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, achegando declaración de cada un de eles.
- ✓ Que a entidade que representa e os seus membros atópanse ao corrente das obrigacións fiscais coa Axencia Tributaria estatal, Axencia Tributaria de Galicia e que non ten débedas pendentes Concello de Santiago de Compostela, achegando certificación de cada un de eles.

Compromisos

- ✓ Como representante da comunidade de propietarios que solicita unha axuda en especie para resolver a súa accesibilidade, no seu nome, comprométeme a cumprir tódolos compromisos, requisitos e obrigas establecidas na convocatoria de subvencións que rixe esta axuda en especie, dando a miña conformidade para a tramitación da mesma.
- ✓ A comunidade de propietarios á que represento comprométeme a contar coa dispoñibilidade dos terreos e dereitos de natureza comunitaria do edificio ou privativos dos pisos o locais precisos para executar as obras de accesibilidade, asinando os mutuos acordos que resulten precisos, eximindo ao Concello de calquera tipo de indemnización, reclamación ou litixio que poida derivarse entre as partes, tanto en vía administrativa como xurisdiccional.
- ✓ Comprométeme a presentación da documentación de dispoñibilidade e demais vinculada a afectación terreos afectados polo proxecto debidamente asinada no prazo establecido nestas bases de traslado do proxecto de instalación, que implicará a aceptación das contías definitivas das axudas e a imputación porcentual definitiva a cada un dos propietarios, procedéndose a incautación da garantía provisoria en caso contrario .
- ✓ Asumir sen dereito a indemnización municipal as incomodidades e prexuízos que puideran ocasionarse durante a realización das obras de accesibilidade, coma os posibles custes de realoxo si fora o caso, aínda que se intentará que sexan os mínimos.
- ✓ Á sinatura da acta de recepción das obras resultantes, na que constarán as actuacións subvencionables que recibe, o prazo de garantía, as contías definitivas das axudas e a imputación porcentual definitiva a cada un dos propietarios en proporción a súa participación na solución de accesibilidade correspondente; perdéndose a garantía definitiva en caso contrario, e incorrendo en causa de reintegro segundo o previsto nestas bases.
- ✓ A comunidade/agrupación de propietarios á que represento comprométeme a inscribir, á súa costa, no rexistro da propiedade as modificacións executadas sobre o edificio, os elementos de accesibilidade vinculados ao mesmo, e a axuda percibida de acordo á regulación destas bases, solicitando autorización municipal previa cando proceda a inscrición do dereito de utilización privativa do dominio público, e dando conta ao Concello das actuacións realizadas.
- ✓ A comunidade de propietarios á que represento comprométeme a responder solidariamente ante o Concello nos supostos de incumprimento ou reintegro da presente convocatoria de subvención imputable a calquera dos seus membros, sen prexuízo de que posteriormente a comunidade repita conforme as normas da propiedade horizontal.
- ✓ A comunidade de propietarios á que represento comprométeme conservar diligentemente as obras de accesibilidade realizadas, so pena de reintegro do importe do valor do mercado das actuacións subvencionables, correndo pola súa conta calquera indemnización de danos ou responsabilidade civil que resulte, a suscripción de seguros en contía suficiente, así como reparacións e custes de mantemento que deban realizarse para manter o seu uso en óptimas condicións, a realizar por empresas certificadas cos permisos esixidos segundo a normativa aplicable en cada momento.
- ✓ A comunidade de propietarios á que represento comprométeme a asumir as obrigas de reparación, mantemento, conservación dilixente, responsabilidade por danos, concertar seguros derivados do funcionamento do elevador e outros elementos de solución de accesibilidade vinculados ao edificio, así coma o canon que resulte pola ocupación privativa do espazo público ocupado no caso de afectar ao dominio público.
- ✓ A comunidade de propietarios á que represento comprométeme a custodiar e vixiar os elementos de accesibilidade vinculados ao edificio, dos danos, roturas, deterioración, roubo, extravío que puidesen causarse, imputables ao mal uso ou trato polos usuarios, sendo responsable a propia comunidade beneficiaria .
- ✓ Soamente no caso de que o proxecto de instalación de elevadores non requira unicamente a utilización de espazo privado, senón que sexa necesario a utilización de espazo público, a comunidade de propietarios lle será trasladado o proxecto de instalación coa indicación dos espazos afectados e no prazo de 15 días deberá solicitar, segundo o criterio indicado polo técnico municipal, alternativamente, a desafectación e alleamento por prezo ou a cesión do voo do espazo de uso público con pago anual de contraprestación
- ✓ O proxecto de instalación de ascensores que se tramite deberá contar coa oportuna autorización preceptiva do titular do dominio público consonte o Art. 144 da Lei do Solo de Galicia, asumindo a comunidade beneficiaria o canon pola ocupación privativa do dominio e demais obrigas de conservación dilixente , mantemento, responsabilidade por danos, seguros e outras que se establezan no acordo municipal.
- ✓ No caso de que o proxecto de instalación de elevadores afecte a urbanizacións con espazo público que se atope sen regularizar, a comunidade de propietarios á que represento comprométeme colaborar co Concello para que no momento de tramitar o proxecto de instalación se efectúen as cesións de propiedade precisas do espazo de uso público para a regularización do ámbito e a realizar os cambios rexistrals que no seu caso procedan para a inscrición a nome do Concello de persistir restos dos predios matrices que conforman a urbanización a nome das comunidades ou promotores ou outras situacións rexistrals similares.

Conforme á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de Decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais contidos neste formulario/impreso/documento van ser incorporados a un ficheiro de titularidade municipal, coa finalidade de comunicación e notificación de calquera actuación administrativa dentro das distintas relacións xurídico administrativas das que poida Vde. ser titular nesta Administración.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderá dirixir un escrito ao Concello de Santiago de Compostela no seguinte enderezo: Rúa Casas Reais, 8, 2º, 15704, Santiago de Compostela_ocihr@concellodesantiago.gal

Autorizacións

- ✓ Autoriza ao Concello de Santiago á redacción dos proxectos de instalación de elementos de accesibilidade e demais documentación técnica que resulte precisa para a tramitación desta subvención en especie.
- ✓ Autoriza ao Concello de Santiago a realizar as obras de accesibilidade obxecto da presente convocatoria, poñendo a súa disposición e da empresa que resulte contratista os espazos que resulten necesarios para a execución material das obras de accesibilidade.
- ✓ Aceptar o proxecto de obras de instalación do elevador e demais elementos de accesibilidade que elabore o Concello, eximindo ao Concello de calquera dano e prexuzo que puidera ocasionarse por mor das deficiencias estruturais e patoloxías previas existentes nas vivendas ou locais
- ✓ Aceptar as contías estimadas e definitivas das axudas que se asignen a esta comunidade e a imputación a cada propietario en proporción a súa participación na solución de accesibilidade correspondente coma consecuencia da participación da presente convocatoria de accesibilidade, comprometéndome a constituír as garantías que procedan.

- PRESTO O MEU CONSENTIMENTO** para a reutilización polo Concello dos documentos achegados
- NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO** para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Data da solicitude,

Sinatura O/A representante da comunidade / agrupación de propietarios

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas xurídicas que carezan de capacidade para actuar

- Resolución xudicial

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación